

BASES

XII TORNEO XADREZ DANI DA ROCHA PROL

VALEDEIRO PARA O XVIII CIRCUÍTO GALEGO DE XADREZ PROMOCIÓN

Organizador do torneo:	Club de Xadrez Laroca
Data:	Sábado 14 de Xuño de 2025
Lugar de xogo:	Pavillón Deportivo de Panxón (Nigrán)

Categorías:

Sub - 8 "Promesas":	Nados nos anos 2017 e posteriores
Sub -10 "Benxamín"	Nados nos anos 2016 e 2015
Sub -12 "Alevín"	Nados nos anos 2014 e 2013
Sub -14 "Infantil"	Nados nos anos 2012 e 2011
Sub -20 "Xuvenil"	Nados nos anos 2005 e posteriores

- **Sistema de xogo:**

Suízo a 7 roldas, elaborado co programa informático Vega.
Non se admitirán reclamacións aos emparellamentos, agás erro na introdución manual de resultados.

- **Ritmo de Xogo:**

Sub-8 e Sub-10: 20 minutos finish
Sub-12, Sub-14 e Sub-20: 15 minutos + 5 seg/mov

- **Horario de competición:**

Confirmación de inscrición: A partir das **10:30** horas.
Roldas: **11:00, 12:00, 13:00, 16:00, 16:50, 17:40, 18:30** horas.
Entrega de Premios e Clausura: **19:30** horas.

- **Inscrición:**

Prezo: Entrega voluntaria no Banco de Alimentos que instalaremos no torneo. Invitase a todos os participantes, país e acompañantes a colaborar con esta iniciativa para acadar a maior cantidades posible de alimentos. Xadrez solidario.

Inscrición na web <http://www.xadrezlaroca.gal>, ou no correo info@xadrezlaroca.gal

Todos os xogadores participantes deberán estar federados para a Temporada 2025. Para calquera dubida ao respecto contactar no correo info@xadrezlaroca.gal ou no teléfono: 667503572 (Agustín)

- **Prazo de inscrición:**

Ata o Xoves 13 de Xuño ou ata chegar a 200 xogadoras/es por orde de inscrición.

- **Desempates:**

- 1ª.- Encontro directo.
- 2ª.- Buchholz medio.
- 3ª.- Buchholz total.
- 4ª.- Progresivo ata as últimas consecuencias.
- 5ª.- Sorteo.

- **Xogadas ilegais:**

Tres xogadas ilegais suporán a perda da partida.
Non se incrementarán tempos por xogadas ilegais.

- **Inicio das partidas:**

Á hora indicada para o inicio da rolda, poranse en marcha os reloxos d@s xogador@s que teñen as pezas brancas. O tempo máximo permitido de retraso é ata a caída de bandeira.

Un xogador que non comparece á súa partida sen causa xustificada darase de baixa no torneo. O motivo da ausencia debera notificarse á dirección do Torneo antes de publicar a seguinte rolda.

Para o non especificado nestas bases aplicarase o regulamento FIDE vixente.

- **Premios:**

Trofeos para os/as cinco primeiros clasificados/as de cada categoría.

Trofeo para o xogador ou xogadora do Club de Xadrez Laroca mellor clasificado/a (Non acumulable).

- **Agasallos:**

Todos os xogadores e xogadoras que rematen o Torneo obterán trofeo e participarán nun sorteo de agasallos (consultar na web do Club).

Os delegados de cada club e os xogadores inscritos autorizan á organización do torneo, á difusión de información ou utilización das imaxes ou do nome do equipo e dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidade e memorias da competición, sempre que no represente menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos intereses e sempre dentro do marco legal que fixa o Código Civil, a Lei de Procesamento Civil e a Lei Orgánica 15/99, do 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal..

Dirección do Torneo: Agustín Álvarez González e Lúa Álvarez Domínguez.

Árbitro principal: AA Patricio Salgado Alonso.

Árbitro auxiliar: AAB Juan Manuel Represa Garazo.

A Organización resérvase o dereito a modificar estas bases sen máis aviso cá súa publicación na web:

<http://www.xadrezlaroca.gal>

